

LIBROS, CINE E MÚSICA PARA O NADAL Decembro 2020

Boletín de recomendacións dos IES da Estrada



POESÍA 1º CICLO




VERSOS VICEVERSOS

García Teijeiro, Antonio; Martín Ramos, J. C. Ed. Kalandraka, 2020.

Unha voz que resulta da unión de dúas voces amigas, que soan a mar, para contemplalo e soñalo; a vento, ondadas, caracolas, horizontes lonxanos, noites e lúas...

NARRATIVA 1º CICLO



A SEÑORITA BUBBLE. BAIXO CERO

Costas, Leticia. Ed. Xerais, Sopa de libros, 2020.

Lady Bubble comeza unha nova vida nunha preciosa vila de Laponia, pero os problemas non tardan en aparecer. Prepárate para vivir unha aventura baixo cero e enfrontarte a un poderoso inimigo...

PLAN DE RESCATE

Yáñez, Antía. Ed Xerais, Colec. Merlín. , 2018.

Xeila, Héitor, Aldán e Noela están na aula e algo raro acontece. Óese un enorme estrondo e a profe Xoana desaparece. Prepárate para unha emocionante aventura, con plan de rescate incluído...

INVISIBLE

Moreno, Eloy. Ed. Nube de tinta.

Emotiva, conmovedora, diferente...

Quen non desexou algunha vez ser invisible? E quen non desexou deixar de selo? O problema é controlar ben ese poder...

BANDA DESEÑADA 1º CICLO




ASTÉRIX E OS NORMANDOS

Goscinny e Uderzo, Ed. Xerais, 2020

Estamos no ano 50 antes de Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos, menos a aldea dos irredutibles galos. Nesta ocasión, chegan os normandos, dispostos a descubrir o que é o medo. Ao bateren con Astérix, Obélix e o resto dos galos. seguro que o van descubrir...

POESÍA 2º CICLO



IRMÁ PAXARO

Andrés, Tamara. Ed. Cuarto de inverno

Poesía que amosa a complicidade de dúas irmás descoñecedoras de que o golpe máis duro é o paso do tempo...

NARRATIVA 2º CICLO



UN DE NÓS MENTE

MacManus, Karen. Ed. Sushi Books, 2019

Dos cinco estudantes castigados na aula dun instituto, só catro saen con vida; os superviventes convértense en sospeitosos, ou tal vez só sexan cabezas de turco...

A LAVANDEIRA DE SAN SIMÓN

Mejuto, Eva. Ed. Xerais, 2020

Historia de mulleres e crianzas que padeceron a represión e a inxustiza e que loitaron por cambiar o mundo que lles tocou vivir, silenciosa pero teimudamente.



EL EFECTO FRANKENSTEIN

Barceló, Elia. Ed.Edebé, 2019

Novela que reflexiona sobre a igualdade, e a desigualdade, entre sexos e clases, así como a obriga de asumirmos as responsabilidades e consecuencias dos nosos actos...



LA VERSIÓN DE ÉRIC

López, Nando. Ed. SM, 2020

Éric ten vinte anos e un futuro por diante como actor de éxito. Porén, un día preséntase na comisaría para confesar un crime. Como calquera suceso, pode contarse de diferentes formas. Esta é a versión de Éric.

BANDA DESEÑADA 2º CICLO



LLAMADME NATHAN

VV.AA. Ed.Astiberri, 2018.

Disforia de xénero, reasignación sexual, inxeccións de testosterona, cambios no rexistro civil... Isto é polo que debe pasar Lila para poder ser o que en realidade xa é: Nathan.




LIBROS, CINE E MÚSICA PARA O NADAL Decembro 2020

Boletín de recomendacións dos IES da Estrada



POESÍA

BACHARELATO E ADULTOS



FELIZ IDADE

Novo, Olga. Ed. Tambo, 2020.
Versos puros e esperanzados que tenden pontes interxeracionais entre un pai que esmorece e unha meniña que xermola.

NARRATIVA


BACHARELATO E ADULTOS



O PARAÍSO DOS INOCENTES


Riveiro, Antón. Ed. Galaxia, 2020.
Viaxe á cerna da destrución provocada polo conflito sirio e á traxedia dos refuxiados, escrita desde o interior de personaxes que atravesan o horror cos ollos abertos e buscan un exorcismo na loita, no exilio ou no compromiso solidario.

ESPECIAL VACINAS



BANDA DESEÑADA

BACHARELATO E ADULTOS



O PACTO DO LETARGO

Prado, Miguelanxo. Ed. Norma, 2018.
Un estudante esperta, sen pretendelo, os Máxicos: anxos e demos sumidos nun letargo á espera de que algún ser humano se reconcilie coa natureza ou acabe autodestrúndose.



A CORAZÓN ABIERTO

Lindo, Elvira. Ed. Seix Barral, 2020.
Historia sorprendente e emocionante sobre o auxe e declive do amor dos seus pais, cunha mirada chea de tenrura, humor e empatía, que desvela dous caracteres que non podían levar unha vida serea.



NARRATIVA

BACHARELATO E ADULTOS



FLORES DE FERRO

Rei, María. Ed. Galaxia, 2020.
Historia de mulleres en que as vítimas silenciadas procuran algo de xustiza. Aurora, Olga e Nidia son as flores de ferro desta historia. Pero hai máis. Houbo moitas máis.



E velaquí tres propostas ben acaídas para tempos de virus, pandemias, remedios e vacinas. Javier Moro, en *A flor de piel*; María Solar, en *Os nenos da variola*; e El primo Ramón, en *Novo mundo* mergúllannos na Real Expedición Filantrópica da Vacina, que no inverno de 1803 partiu de Galicia coa misión de acabar cunha epidemia que azoutaba nas colonias españolas de América. Isabel Zendal, unha moza nacida nunha humilde familia de labregos, é o elo esencial dunha xesta que supuxo un antes e un despois na historia da medicina.